



GALLEGO

Día Internacional do Libro Infantil A LUZ DOS LIBROS

Os dous irmáns adoitaban xogar cun globo terráqueo. Mentres lle daban voltas e reviravoltas, cos ollos pechos, sinalaban un punto ao chou. E se coincidía que o punto aquel era Pequín ou Madagascar ou México, procuraban nos andeis ata atopar libros con historias acerca dos lugares que lles tocaran.

Gustáballes moito ler. Gozaban coa lectura. A luz na súa fiestra permanecía acesa ata moi tarde.

Coa "luz" dos libros chegaron a camiñar pola Gran Muralla chinesa, a escoitar a canción do Océano xunto aos viquingos, a vivir preto das pirámides de Exipto, a esvarar sobre lagos xeados cos esquimós, a participar nos antigos xogos olímpicos e ser coroados cunha póla de oliveira.

Cando por fin quedaban durmidos, os contos, as historias, as lendas, os lugares, os escritores, os heroes mesturábanse nos seus soños e arrolábanos docemente: Esopo narráballe as súas fábulas a Sherezade dende o cumio da torre Eiffel, Tom Sawyer contáballe a Cristóbal Colón as súas traxeadas a bordo dun barco no río Mississippi, Alicia viaxaba nunha zorra ao País das Marabillas na compañía de Mary Poppins e Andersen narráballe as súas fantásticas historias á araña Ananse a carón dunha pirámide.

O xogo co globo terráqueo e os libros divertía tanto aos dous irmáns que semellaba non rematar endexamais. Encontraran a maneira de se converteren en navegantes e exploradores a través das súas páxinas. A "luz" dos libros axudáballes a conquistar o planeta enteiro, a vivir en distintas civilizacións, en diferentes épocas e a admirar a súa diversidade. En poucas palabras, descubriron que podían vivir nese gran mundo, lonxe do seu pequeno cuarto. Voaban, viaxaban e soñaban por todas partes.

E, por suposto, ¡sempre esquecían apagar a luz!

"Nenos, ¿ides durmir de vez?", berrábanlles seus pais. "¡Xa é tarde!
¡Apagade a luz!

"Non podemos", contestábanlles os nenos escachando de risa. "A "luz" dos libros non se apagaba nunca".

Angeliki Varella
(Traducción Gálix)